

**“Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España (E4)
Plan de acción 2008-2012
Medida de PLANS DE MOBILIDADE URBANA”**



ORDENANZA REGULADORA DAS NORMAS DE USO DO SISTEMA DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

(Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm. 196 , 26 agosto de 2010)

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artículo 1. Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é a regulación xeral das condicións de uso do servizo de préstamo de bicicletas(de agora en adiante BICIBARCO) a traveso do que,a persoa usuaria poderá retirar unha bicicleta para a súa utilización acorde coas condicións establecidas nesta ordenanza, debendo depositala despois do seu uso nunha das bases destinadas a tal efecto.

Artículo 2. Ámbito do servizo.

O ámbito do servizo queda limitado ao termo municipal do Concello de O Barco de Valdeorras.

Artículo 3. Alta no servizo.

Para ter a condición de persoa usuaria e poder utilizar o servizo de BICIBARCO é imprescindible darse de alta nas oficinas do Concello de O Barco de Valdeorras. Inicialmente establécese como oficina de alta a oficina de Medio Ambiente, situada no terceiro andar do Edificio de Usos Múltiples do concello. O concello poderá establecer outra oficina para tramitar as altas e baixas no sistema, comprometéndose a manter informadas ás persoas usuarias da oficina habilitada en cada momento.

O requisito fundamental para poder facer uso do servizo é dispor dun teléfono móbil, que a persoa usuaria facilitará ao concello para asinarlle un código secreto vinculado a ese teléfono.

Deberase cumprimentar unha solicitude de alta no servizo (segundo modelo do anexo I), acompañando fotocopia do DNI, pasaporte ou do carné de conducir do/a solicitante ou ben de calquera outro documento oficial que acredite a súa identidade.

No caso de menores de idade (maiores de 14 anos), autorización segundo o modelo do anexo I.

Os impresos de altas e baixas no sistema poderán descargarse na páxina web do concello ou recollese na Oficina de Medio Ambiente do Concello do Barco de Valdeorras, e deberán presentarse debidamente cumprimentados en dita oficina. De non existir no concello exemplares dos impresos calcantes, a persoa usuaria deberá cumprimentar dous impresos, un exemplar para ela mesma e outro exemplar para o concello.

O primeiro ano o servizo establecerase como gratuíto,aínda que tralos estudos de implantación durante ese primeiro ano, poderán establecerse por parte do concello as taxas a aplicar polo servizo,segundo a correspondente ordenanza fiscal.

Comprobados os datos, entregárase ao solicitante un documento que o acredite como persoa usuaria durante un ano natural (desde 1 de xaneiro ata 31 de decembro, si o sistema de préstamo se pon en funcionamento na metade do ano, o ano natural contarase a partir de xaneiro do ano seguinte) , e comunicáraselle o código secreto asinado para poder acceder ao servizo. Dito documento acreditativo será considerado persoal e intransferible.

Ao finalizar o período de validez, se a persoa usuaria non comunica, nun prazo de quince días hábiles, ao concello a súa baixa no servizo BICIBARCO a traveso do documento de baixa (Anexo II), permanecerá dado de alta en dito servizo un ano máis , previo pago si así fose establecido polo concello, da correspondente taxa por utilización do sistema. Unha vez verificados os datos da persoa usuaria e entregado o xustificante de pago ou xustificante de domiciliación bancaria no concello, renovaráselle a autorización para utilizar o servizo. Os anos de renovación contarase como anos naturais.

Si a persoa usuaria non comunica a baixa coa intención de seguir dado de alta, pero non abona o importe da taxa no prazo establecido que, de selo caso fose establecida polo concello, este dará de baixa automaticamente a persoa usuaria.

Con motivo de facer a renovación automática da persoa no servizo, o modelo de pago poderá establecerse mediante autoliquidación ou domiciliación da taxa. O primeiro ano de aplicación da taxa será obrigatorio presentar na Oficina de Medio Ambiente do Concello na primeira quincena do ano en curso, o xustificante bancario de ter abonada a taxa, si se estableceu pago por autoliquidación, ou ben unha copia do impreso de domiciliación que debe recoller nas Oficinas de Recadación do concello, si se estableceu a domiciliación o pago. Os seguintes anos de renovación, si o pago se realiza por autoliquidación, será necesario presentar o xustificante bancario do pagamento no prazo establecido con anterioridade, e si o pago se realiza por domiciliación da taxa non será preciso entregar ningún xustificante no concello. En todo caso as condicións reguladoras da taxa estableceranse na correspondente Ordenanza Fiscal do Servizo. No caso de contradición con este regulamento prevalecerán as condicións establecidas na Ordenanza Fiscal.

Poderase cursar baixa voluntaria do servizo presentando un documento de baixa (segundo modelo de anexo II) na Oficina de Medio Ambiente do Concello do Barco de Valdeorras ou enviando o documento de baixa asinado ao correo electrónico que aparece reflectido no documento de baixa.

En caso de non utilizar o servizo no prazo dun ano darase de baixa á persoa usuaria de xeito automático.

TÍTULO II. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Artículo 4. Características do sistema de préstamo de bicicletas.

O sistema está formado polos aparcamentos e expendedores automáticos de bicicletas instalados en diferentes puntos do casco urbano do concello. Cada expendedor componse dunha marquesiña de engancho ou base, cos elementos de soporte, mecanismos para o accionamento do candeeado e unidade de control, así como das bicicletas de préstamo.

Artículo 5. Emprazamento dos puntos de préstamo.

O servizo BICIBARCO poderase utilizar nos seguintes puntos:

- Zona deportiva de Calabagueiros, Avenida Conde de Fenosa.
- Zona de Vilaira, Avenida Elena Quiroga.
- Zona de San Roque, Avenida Florencio Delgado Gurriarán.
- Praza Andrés de Prada.

O primeiro ano estarán en funcionamento os catro puntos de préstamo e como mínimo vintecinco bicicletas repartidas entre os catro puntos. Nos anos posteriores o concello poderá modificar, reducir ou ampliar a

localización dos puntos de servizo, dependendo das necesidades que xurdan durante a prestación do primeiro ano de servizo.

Das anteriores alteracións dos puntos de préstamo informárase debidamente ás persoas usuarias a traveso de medios que garantan o coñecemento das medidas adoptadas.

Cada unha das instalacións disporá dun panel expositor que identifique que o punto de préstamo pertence ao servizo de BICIBARCO.

Artículo 6. Persoas usuarias do servizo.

Poderán ser persoas usuarias de BICIBARCO todas as persoas maiores de idade que se dean de alta no servizo. Tamén poderán ser persoas usuarias os menores de idade que teñan 14 ou máis anos cumpridos, sempre que no momento de solicitar a alta no servizo se achegue unha autorización expresa e por escrito da nai, pai ou titor/a legal. Na antedita autorización o titor/a legal do menor deberá facer constar que se responsabiliza de todos aqueles danos que, directa ou indirectamente, poida causar o/a menor como consecuencia da utilización do servizo de préstamo de bicicletas.

Non poderá ser usuaria a persoa que non estea capacitada para o uso das bicicletas obxecto do préstamo. Considérase que unha persoa está capacitada para o uso da bicicleta cando teña a suficiente cualificación psíquica e física para a súa utilización de conformidade con estas normas e coa demais normativa sobre circulación viaria que resulte de aplicación.

Artículo 7. Funcionamento do servizo.

Despois de rexistrarse como persoa usuaria do sistema, para a recollida dunha bicicleta de calquera base, deberase enviar un SMS desde o teléfono móbil indicado na solicitude de alta da persoa usuaria, ao número de teléfono establecido para o funcionamento do servizo 600 124 125, co seguinte formato de mensaxe: coger b(nº de bici) c(nº de cadeado)(código secreto).

Exemplo: "coger b88 c221 ab2012"

Deben de deixarse os espazos en branco segundo se indica no exemplo.

En caso de que exista algunha anomalía en canto a información enviada no SMS pola persoa usuaria seralle notificado vía SMS. Esta notificación realizarase nunha única vez, de xeito que si se reincide no erro non lle será comunicado de novo.

A bicicleta seleccionada, identificada polo seu número e asignada á persoa usuaria que enviou o SMS, quedará liberada do cadeado e poderá ser utilizada ata a súa devolución en calquera punto do sistema que dispoña de praza libre para o depósito da bicicleta.

Para a devolución da bicicleta, debese engancharse en calqueira cadeado dispoñible, asegurándose de que queda ben suxeita. Non será preciso enviar ningunha mensaxe para deixar a bicicleta na base.

Si a bicicleta non quedara ben enganxada no cadeado, a bicicleta seguirá asignada á persoa usuaria, quedando inutilizada para o préstamo doutras persoas usuarias, o que podería derivar nunha sanción de restrición de uso.

Notas:

1. O sistema acepta indistintamente caracteres en maiúscula ou minúscula.
2. O servidor do sistema é de VODAFONE. O prezo da mensaxe será o establecido por cada un dos operadores para o envío de mensaxes.

Artículo 8. Condicións de utilización.

1.- A persoa usuaria poderá facer uso do servizo BICIBARCO dentro do seguinte horario:

- Todo o ano durante todos os días da semana, incluídos os festivos:
 - Tempada de outono – inverno (outubro a marzo): de 8:00 a 20:00 horas.
 - Tempada de primavera – verán (abril a setembro): de 8:00 a 23.00 horas.

Non se prestará o servizo nos días 25 de decembro e 1 de xaneiro.

O período de funcionamento e o horario establecido en cada unha das tempadas poderá ser modificado por acordo motivado do órgano competente. Das modificacións do período e do horario, informárase debidamente ás persoas usuarias a traveso de medios que garantan o coñecemento das medidas adoptadas.

2.- A utilización da bicicleta limitarase a tres horas, debendo a persoa usuaria depositala en calquera das bases do sistema antes de que transcorra dito período. Os datos recollidos no sistema de control, que rexistra a hora de retirada e devolución da bicicleta, constitúen unha proba do tempo de utilización dos servizos a todos os efectos.

3.- Media hora antes da finalización diaria do servizo, non se poderán retirar bicicletas dos puntos de préstamo, pero si devolver aquelas bicicletas que aínda estean en uso.

4.- A bicicleta soamente poderá ser utilizada dentro do Temo Municipal do Barco de Valdeorras.

5.- O uso da bicicleta dependerá da dispoñibilidade das mesmas nos puntos de préstamo.

6.- A persoa usuaria durante a utilización do servizo deberá mostrar a identificación de usuario/a do servizo(D.N.I.), como documento acreditativo cando se solicite polas persoas habilitadas e autorizadas polo Concello do Barco de Valdeorras.

7.- Con todo, o Concello do Barco de Valdeorras poderá modificar as condicións xerais de uso do servizo no caso de que as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias así o esixan.

TÍTULO III. DEREITOS, OBRIGAS E PROHIBICIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS.

Artículo 9. Dereitos.

Todo cidadá ten dereito a darse de alta no servizo, cumprindo as condicións de idade e capacidade establecidas no artigo 6.

As persoas usuarias adquiren, mediante a inclusión no servizo, o dereito á utilización das bicicletas como medio de transporte urbano, para paseo e actividades de lecer, nas condicións e coas limitacións que se establecen nesta norma.

A persoa usuaria ten dereito a dispoñer de bicicletas en perfecto estado de uso e funcionamento. Para calquera reclamación sobre as condicións e circunstancias que afecten á prestación do servizo, a persoa usuaria poderá dirixirse á Oficina de Medio Ambiente do Concello do Barco de Valdeorras, ou ben formular a súa reclamación a traveso do correo electrónico que aparece reflectido nos formularios de solicitude do servizo de BICIBARCO .

Artículo 10. Obrigas e responsabilidades.

1.- As persoas usuarias do servizo están obrigadas a facer un uso correcto do servizo BICIBARCO, actuando coa maior dilixencia posible. Deberán devolver a bicicleta no mesmo estado no que se encontrou,

en bo estado de funcionamento e limpeza, e unha vez enganchada verificar que quedou ben conectada ao seu candeado correspondente. A bicicleta restituirase en calquera das bases libres dos puntos de préstamo, debidamente colocada e enganchada no candeado de xeito que se garanta a seguridade antirroubo da bicicleta. O incumprimento desta obriga dará dereito ao Concello a desactivar do servizo ao usuario/a durante os períodos establecidos nestas normas.

2.- As persoas usuarias están obrigadas a cumprir as normas establecidas na presente ordenanza.

3.- Toda persoa usuaria deberá respectar o Regulamento Xeral de Circulación, facendo uso en todo momento do casco. Cando as condicións climatolóxicas o esixan, así como cando estea anoitecendo, o usuario/a deberá ir provisto mentres utiliza a bicicleta de chaleco reflectante para permitir a súa visibilización.

4.- A persoa usuaria asume a garda e custodia da bicicleta que retira. Igualmente está obrigado/a en todo momento a actuar diligentemente e evitar o seu roubo ou furto, cumprindo coa obriga de asegurar todos os sistemas antirroubo dos que dispoña a bicicleta, en caso de interrupción do uso.

5.- A persoa usuaria comprométese durante o tempo que dure o préstamo a aparcarse a bicicleta en zonas estratéxicas adecuadas ou seguras (preferentemente aparcadoiros para bicicletas si existen na zona que quere deixar a bicicleta) que non interfiran o paso nin provoquen situacións de inseguridade, e sempre atendendo ás normas de aparcamento definidas na normativa correspondente.

6.- A persoa usuaria é a responsable dos danos que poida sufrir ou producir mentres fai uso da bicicleta e o Concello do Barco de Valdeorras non se responsabiliza dos danos ou perxuízos producidos polo uso da mesma, nin dos causados a terceiros pola persoa usuaria do servizo, agás naqueles supostos nos que se poida probar que o suceso ou incidente sexa consecuencia do defectuoso funcionamento da bicicleta. Ademais, a persoa usuaria deberá comprobar o estado da bicicleta antes de facer uso da mesma, con especial atención na revisión dos freos e dos demais elementos esenciais da bicicleta, xa que o Concello do Barco non se fará cargo en ningún caso, dos danos producidos pola persoa usuaria, se a bicicleta está en perfecto estado de uso.

7.- A persoa usuaria deberá retirar e restituír a bicicleta dentro do horario establecido. O incumprimento desta obriga dará lugar a desactivación total ou parcial do usuario/a no servizo BICIBARCO e as consecuentes responsabilidades.

8.- A persoa usuaria deberá ser responsable en todo momento das obrigas ou infraccións que se determinen por calquera Autoridade ou Organismo, xa sexa Estatal, Autonómico ou Local, por razón da condución da bicicleta.

9.- A persoa usuaria ten a obriga de comunicar de inmediato ao Concello do Barco de Valdeorras, a traveso do telefono habilitado para tal fin que aparece reflectido no formulario de solicitude, as incidencias que se produzan, tales como o deterioro ou o fallo que impida ou dificulte o uso da bicicleta, así como calquera situación na que puidera verse involucrado a persoa usuaria mentres está utilizando o servizo ou que afecte ao mesmo.

10.- No caso de incidente que afecte as condicións mecánicas da bicicleta, a persoa usuaria ten a obriga de comunicalo de inmediato ao concello ou de selo caso aos encargados do mantemento. A bicicleta quedará baixo a responsabilidade da persoa usuaria ata que a deposite nunha das bases do sistema ou a poña a disposición do concello ou da empresa encargada do mantemento do servizo.

11.- No caso de perda roubo ou furto, a persoa usuaria ten a obriga de denunciar nun prazo máximo de oito horas a desaparición da bicicleta á Policía Local ou a Garda Civil. Si o que se produce é o roubo da bicicleta a persoa usuaria da mesma deberá entregar unha copia da denuncia presentada mediante instancia dirixida ao Departamento de Medio Ambiente do Concello do Barco de Valdeorras, no prazo

máximo das dezaseis horas seguintes á fecha da denuncia contadas a partir do día hábil inmediatamente posterior.

12.- A persoa usuaria será a responsable ante o concello dos danos causados na bicicleta durante o tempo que transcorra entre a retirada e a devolución da bicicleta, salvo que exista culpa de terceiros ou circunstancias de forza maior, e isto con independencia da obriga de comunicalo, e a presentación da correspondente denuncia na Comisaría de Policía e entrega dunha copia da denuncia ante a Oficina de Medio Ambiente do Concello do Barco de Valdeorras.

13.- A persoa usuaria ten a obriga de comunicar o cambio dos datos contidos en calquera dos anexos desta ordenanza. Este incumprimento poderá dar lugar á desactivación do servizo e a baixa no mesmo.

14.- No caso de non devolver a bicicleta enviaranse dous requirimentos á persoa usuaria do servizo que conste como última persoa usuaria da mesma, despois destes dous requirimentos esixiráselle ao titular a devolución da bicicleta ou o abono do valor estimado da bicicleta.

15. En calquera caso, a persoa usuaria deberá respectar as condicións de uso e obrigas establecidas nos documentos de altas e baixas establecidos para a utilización do servizo.

16.- As persoas usuarias respectarán en todo momento as normas de tráfico e de seguridade viaria, de circulación e de vehículos e as ordenanzas municipais de aplicación, quedando sometidos ás prescricións e requisitos que desas normas lles resulten de aplicación, así como no referente á condución baixo os efectos do alcohol ou drogas e o sometemento ás probas de detección nas condicións Normativamente establecidas, segundo os artigos 20, 21 e 27 do Regulamento Xeral de Circulación (Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro).

Artículo 11. Prohibicións.

Establécense as seguintes prohibicións:

- 1.- Utilización da bicicleta fora do horario e lugares establecidos.
- 2.- Préstamo, aluguer, cesión ou calquera outro acto da persoa usuaria de disposición da bicicleta ou do código secreto a favor de terceiros, con ou sen ánimo de lucro.
- 3.- Uso da bicicleta en competicións de calquera clase, así como en lugares tales como escaleiras, rampas, beirarrúas ou similares.
- 4.- A desmontaxe ou manipulación da bicicleta.
- 5.- Uso da bicicleta para fins diferentes aos que constitúe o obxecto do servizo e en particular o seu uso con fins comerciais ou profesionais.
- 6.- O transporte na bicicleta de calquera persoa, animal ou cousa, así como integrar elementos alleos que podan servir para ese fins.
- 7.- Prohíbese calquera utilización da bicicleta contraria á prevista nas normas de circulación.

TÍTULO IV. RÉXIME SANCIONADOR.

Artículo 12. Principios xerais.

O réxime sancionador previsto neste regulamento rexerá polo disposto no título XI da Lei 7/1985 das bases do réxime local, séndolle de aplicación os principios estabelecidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e nas súas normas de desenvolvemento.

Artículo 13. Infraccións .

Será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, prohibicións e requisitos establecidos na ordenanza.

As infraccións serán sancionadas de conformidade co establecido na lexislación estatal, autonómica e municipal que resulte de aplicación.

As infraccións clasifícanse como leves, graves e moi graves.

Artículo 14. Infraccións moi graves .

Serán infraccións moi graves as seguintes:

- 1.- Utilizar a bicicleta con fin de lucro, estando expresamente prohibido o seu aluguer e/ou venta así como a súa utilización para fins comerciais, de transporte de mercancías ou calquera outro uso profesional.
- 2.- Non realizar a denuncia no suposto de roubo da bicicleta.
- 3.- Non entregar no Departamento de Medio Ambiente do Concello do Barco de Valdeorras a copia da denuncia formulada por roubo ou furto da bicicleta no prazo establecido no artigo 10 destas normas.
- 4.- Os actos de deterioro das instalacións e elementos que integren o servizo.
- 5.- O abandono ou perda inustificada da bicicleta.
- 6.- Impedir ou obstaculizar o uso do servizo a outras persoas con dereito a súa utilización.
- 7.- A comisión de dúas faltas graves nun período de doce meses.

Artículo 15. Infraccións graves.

Serán infraccións graves as seguintes:

- 1.- Utilizar a bicicleta fora das zonas establecidas para o seu uso.
- 2.- Prestar a bicicleta a terceiras persoas.
- 3.- Non respectar as normas de tráfico establecidas para estes vehículos.
- 4.- Non devolver a bicicleta en bo estado de funcionamento e limpeza.
- 5.- Non comunicar calquera desperfecto, percance ou accidente ocorrido durante o seu uso.
- 6.- Producir danos na bicicleta por un uso incorrecto da mesma, sen prexuízo de ter que asumir os gastos debidos a reparación do vehículo.
- 7.- O retraso na entrega da bicicleta por máis de doce horas.
- 8.- A non custodia da bicicleta durante o tempo de disposición da mesma.
- 9.- A comisión de dúas faltas leves nun período de doce meses.

Artículo 16. Infraccións leves.

Serán infraccións leves as seguintes:

- 1.- O retraso en menos de 12 horas na devolución da bicicleta non debida a causas xustificadas.
- 2.- Non aparcar a bicicleta o tempo que dure o préstamo en zonas seguras que non interfiran no paso nin potencien situacións de inseguridade.
- 3.- A non comunicación ao Departamento de Medio Ambiente do Concello do Barco de Valdeorras do cambio dalgún dato persoal do usuario.

Artículo 17. Sancións.

As infraccións tipificadas nestas normas serán sancionadas do seguinte xeito:

- 1.- Moi graves: multa ata 3.000,00 euros e baixa no servizo de ata tres anos.
- 2.- Graves: multa ata 1.500,00 euros e baixa no servizo de ata un ano .
- 3.- Leves: multa ata 750,00 euros e baixa no servizo de ata un mes .

Para a determinación da contía da multa teranse en conta os criterios de gradación previstas no artigo 131.3 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Artículo 18. Procedemento sancionador.

A potestade sancionadora aquí regulada e a esixencia de responsabilidade exercerase de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e tamén, no primeiro caso, no Regulamento polo que se aproba o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Artículo 19. Responsabilidade.

1.- Poderán ser sancionadas por feitos constitutivos de infraccións administrativas a esta Ordenanza as persoas que resulten responsables dos mesmos aínda a título de simple inobservancia.

2.- Os/as pais, nais, titores/as ou gardadores/as polas accións das persoas usuarias menores de idade que dependen deles/as serán responsables civís subsidiarios, no seu caso.

Artículo 20. Infraccións e sancións independentes e prevalenza da orde penal esixible por outras ordes sectoriais.

As sancións impostas polas infraccións tipificadas nesta ordenanza son independentes daquelas que correspondan cando os actos podan estar incursos en responsabilidade con arranxo a outros ordenamentos sectoriais.

Cando os actos obxecto do procedemento sancionador administrativo teñan relevancia penal, deixarase en suspenso o procedemento administrativo ata a resolución do procedemento penal.

Artículo 21. Desactivación temporal ou total da persoa usuaria.

Con independencia da imposición das sancións que correspondan, poderase proceder á desactivación temporal ou total do usuario no servizo de préstamo de bicicletas con arranxo aos seguintes criterios:

1.- No suposto de retraso na entrega da bicicleta procederase á desactivación do usuario segundo o tempo de demora e cos seguintes efectos:

- Si o retraso na entrega da bicicleta é inferior a unha hora, a inhabilitación será de un día completo.
- Si o retraso na entrega da bicicleta se produce entre unha e oito horas a inhabilitación será de dous días naturais.
- Si o retraso na entrega da bicicleta é posterior ao horario de peche do servizo, a desactivación será por un período de dez días naturais.
- Si se produce a entrega da bicicleta entre doce e vinte e catro horas despois de collela, a inhabilitación será dun mes.
- Si se entrega a bicicleta se produce máis de vinte e catro horas despois do préstamo, desactivarase o usuario por un período dun ano.

2.- Os datos recollidos no sistema de control, que rexistra a hora de retirada e devolución da bicicleta, constitúen a proba do tempo de utilización do servizo a todos os efectos. Si a persoa usuaria comete algunha infracción, o sistema informático do préstamo, cando queira coller de novo outra bicicleta, envíalle automaticamente á esta persoa usuaria unha mensaxe indicándolle si ten algunha infracción pendente de resolver, e non lle permite retirar outra bicicleta ata que se cumpra o prazo establecido pola sanción.

3.- Os períodos de desactivación serán por días completos, iniciándose o día seguinte do que se produce o retraso na entrega da bicicleta.

4.- O Concello resérvase o dereito de inhabilitar definitivamente a persoa usuaria sen notificación previa, nos seguintes casos:

- No caso de ausencia de comunicación ao Concello da denuncia de roubo, de furto, ou de danos causados á bicicleta.

- No caso de que as declaracións e compromisos asumidos pola persoa usuaria no momento de darse de alta resulten ser falsas ou incorrectas.
- No caso de incumprimento reiterado dos horarios e prazos de utilización do servizo ou das restricións previstas. A tal efecto, considerarase incumprimento reiterado aquel que se repita en máis de tres ocasións en tres meses consecutivos.

5.- No caso de desactivación temporal pode volverse ao estado de activación de xeito automático unha vez transcorrido o período de restrición no uso do servizo. A desactivación total require de nova solicitude do interesado para poder ser, no seu caso, rehabilitado, sen que o período de restrición no uso do servizo poda ser menor do establecido para a infracción correspondente.

Artículo 22. Protección de datos.

Os datos persoais dos usuarios/as do servizo serán obxecto do tratamento informático aos únicos efectos da súa relación co Concello do Barco de Valdeorras como consecuencia da alta no servizo BICIBARCO.

Sobre eses datos o titular poderá exercitar os dereitos de oposición, acceso, rectificación, e cancelación conforme ao previsto na Lei 15/1999 sobre Protección de Datos de Carácter Persoal.

A persoa usuaria asume que todos os datos facilitados son exactos e acepta as condicións da presente ordenanza.

Disposición Adicional única.- Instrucións internas e interpretación

Pola Alcaldía ou Concellería Delegada, de ser o caso, poderanse establecer instrucións internas que regulen calquera situación non contemplada nesta ordenanza, sempre que non constitúan unha modificación do mesmo e en desenvolvemento dos seus principios.

Calquera dúbida de interpretación que se derive da aplicación das presentes normas, será resolta pola Alcaldía ou Concellería delegada de conformidade coa súa delegación, podendo instarse a emisión dos informes que procedan.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e entrará en vigor unha vez inserido completamente o seu texto íntegro e transcorrido o prazo de quince días previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

ANEXO I

SERVIZO DE PRESTAMO BICIBARCOALTA no servizo de préstamo de bicicletas **Código de usuario: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR** Fotocopia D.N.I.

No caso de menores (14-18 anos): fotocopia do D.N.I. do pai, nai ou titor/ra

Si está establecida a taxa, xustificante do pago da mesma **DATOS DO/A SOLICITANTE** Nome e apelidos:

Data de nacemento:

DNI:

Enderezo:

Teléfono móbil para o sistema:

Correo electrónico: No caso de menores: representado/a polo pai, nai ou titor/ra legal do menor **Nome e apelidos:**

Data de nacemento:

DNI:

Enderezo:

Teléfono móbil para o sistema:

Correo electrónico: **SOLICITO** ser inscrito/a como persoa usuaria no **SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS, BICIBARCO** ofertado polo Concello do Barco de Valdeorras, co compromiso de cumprir as condicións de funcionamento e todos os dereitos, obrigas e prohibicións deste servizo municipal que se recollen na Ordenanza reguladora das normas de uso do sistema de préstamo de bicicletas no Concello do Barco de Valdeorras anexadas a este formulario de inscrición e tamén accesibles en www.concellodobarco.org.

No caso de MENORES, o pai/nai ou titor/ra do mesmo, coa firma neste documento autorizo ao/á menor para poder ser usuario/a do servizo, e responsabilizome do uso que este faga do servizo, co compromiso de que cumprirá as condicións de funcionamento e todos os dereitos, obrigas e prohibicións deste servizo municipal.

O abaixo firmante declara que todos os datos da inscrición son certos. E para que así conste, firma o presente documento estando de acordo coas normas de uso.

Firma do solicitante ou representante legal do/a menor

O Barco de Valdeorras, a..... de20

O Concello do Barco de Valdeorras, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informalle que os datos persoais recollidos serán incluídos nun ficheiro automatizado e tratados de xeito confidencial. En ningún caso serán cedidos a terceiros axenos á xestión do Sistema de Préstamo de Bicicletas BICIBARCO, podendo vostede exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

Oficina de Medio Ambiente, terceiro andar do Edificio de Usos Múltiples, Praza do Concello nº 2

Teléfono.: 988 320 202. C.e.: sostible@concellodobarco.org. Teléfono de incidencias: 616 402 882

Exemplar para o Concello do Barco de Valdeorras

NORMAS DE USO DE BICIBARCO

- 1.- **BICIBARCO** non soamente ten carácter lúdico senón tamén ecolóxico, xa que se trata de fomentar a realización de desprazamentos urbanos en bicicleta de xeito que se reduza o uso do vehículos de motor .
- 2.- O primeiro ano será un servizo gratuito para as persoas usuarias. Para os vindeiros anos o concello, despois de efectuar estudos sobre a implantación do servizo, poderá establecer unha taxa a traveso da publicación da correspondente ordenanza fiscal.
- 3.-A persoa usuaria estará habilitada durante un ano desde a fecha de posta en funcionamento do servizo de préstamo. Despois deste período, se non comunica ao concello nun prazo de quince días hábiles a súa baixa no servizo, quedará habilitada como persoa usuaria durante un ano máis, previo pago ou domiciliación do importe correspondente da taxa por utilización do servizo, de estar esta en vigor.
- 4.- **BICIBARCO** ofertarase nos puntos debidamente sinalizados.
